

FEBREIRO

TEATRO PRINCIPAL DE PONTEVEDRA

EDUARDO COUTINHO MENTIRAS VERDADEIRAS

Martes 23 ás 20.15 h

As canções (2011, 90', V.O.S.E.)



«Se alguén fala con pracer nun filme, que hai máis fermoso ca iso?
É a forza das palabras, non gosto de amosar imaxes daquilo do que
se fala, todo ocorre no momento ou non ocorre»

Eduardo Coutinho

<https://www.facebook.com/cineclubepontevedra>
<http://cineclubepontevedra.blogspot.com.es>



**CINECLUBE
PONTEVEDRA**

FEB2016

CONTANDO MENTIRAS VERDADEIRAS (II)

[...]

Dis que para atoparse con alguén cómpre facer o exercicio espiritual de esquecerse dun mesmo. Unha entrevista debe ser vista coma unha especie de exercicio espiritual, ti entras dentro do espazo do outro por unha especie de conversión da mirada que non existe noutras circunstancias da vida. Por iso hai moitos outros documentalistas dos que falo mal, coma aqueles que fan cinema político, ou ese cinema ateigado de confesións íntimas... E peor cós filmes políticos son os filmes sociais, eses tipos de Canadá que van a Zambia para facer un filme coidando que lles van cambiar a vida... A eses tíñanos que pechar, son directores co ego moi grande, eses que queren facernos «pensar». No ano 1964 fixen unha ficción semidocumental sobre o caso dun líder campesiño asasinado. Utilicei o campesiñado real para actuar e mais a muller daquel mártir, Elisabet, interpretando o seu propio papel. Mais o filme foi interrompido polo golpe militar. En 1981 retomei o filme para facer *Cabra marcado para morrer*. Procurei os sobreviventes da familia, a Elisabet e os fillos que tivera co líder campesiño asasinado, repartidos por todo o país e cos que ela perdera o contacto. Elisabet vivira agachada, con nome falso, durante todos eses anos. Eu sempre digo que un film non muda nada, mais Elisabet mudou de vida, no simbólico e no real, reencontrouse cos seus fillos e converteuse nun símbolo da loita campesiña no Brasil.

Cando volves rodar dezasete anos despois do golpe, recuperas as imaxes do teu filme de ficción e utilízalas para ilustrar feitos reais. A ficción convértese nun documento real. Case penso que Wiseman tamén debería falar mal de ti...

Para que vai falar mal dun pobre señor descoñecido que fai cinema en portugués. A palabra 'cabra', por exemplo, é intraducible. Significa dende hai tres séculos unha posición social e racial: a persoa negra que está na peor posición, unha persoa da aldea, é unha palabra que semella para un filme de ficción de pistoleiros. Mais se o filme tivo un éxito relativo é porque formula esa cuestión da nai soa cos seus

fillos e a súa familia dispersa e destruída. A vida é moi simple: a xente nace, vive e morre. Ninguén pode fuxir diso, esa é a traxedia humana. Podes ser Lenin ou traballar no lixo, mais os temas da túa vida sempre son os mesmos.

Ti fixeches outro filme, *Jogo de Cena* (2007), no que fas explícito este xogo de identidades. Entrevistas mulleres que contan as súas historias de vida e despois vemos actrices brasileiras contando esa mesma historia. E o público fica xeadó preguntándose cal é a real... E non hai resposta, non pode dicirse quen é a real... porque non se trata de adiviñar quen é a actriz e quen é a persoa que fala de verdade. Esa idea aparece sempre nos meus documentais. Porque todos queremos ser outra persoa, vostede non? É a idea de querer ser outra persoa, de querer ser moitas persoas. O teatro aseméllase á vida. Se alguén fala con pracer nun filme, que hai máis fermoso ca iso? É a forza das palabras, non gosto de amosar imaxes daquilo do que se fala, todo ocorre no momento ou non ocorre. Toda esa xente que fai insertos e que muda de plano para variar. Mais se eu non quero variar, eu quero estar aí, o filme ocorre aquí e agora, non alí e onte... O que me preocupa é descubrir en que consiste unha conversa, que é unha entrevista, que é a subxectividade humana. Por iso quero facer un filme sobre a nada, un filme sen tema...

Entre os cineastas prodúcese un encontro sincero e alegre. Oskman ten unha capacidade admirable para rir de todo, tamén da súa parte máis seria. Coutinho ri e móvese, non fai cuestión dos seus anos, non semella aquel que viviu moito tempo e ten unha longa experiencia de cinema. Ante o encontro vital, ten a excitación dun rapaz. Os seus filmes están cheos de instrucións ás persoas entrevistadas: «Cóntame?», «Dime algo», «Podes falar?», «Fale, fale...».